| - Cálculo de derivadas utilizando lapis e papel en casos sinxelos e ferramentas tecnolóxicas nos casos máis complexos.<br>- Aplicación dos límites, a continuidade e a derivada a situacións da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Utilización de ferramentas tecnolóxicas.<br>- Relacións e funcións.<br>- Aplicación do cálculo diferencial ao estudo da monotonía, extremos, curvatura e puntos de inflexión de funcións polinómicas, exponenciais, irracionais, racionais sinxelas, logarítmicas e trigonométricas.<br>- Aplicación do cálculo diferencial á representación gráfica de funcións polinómicas e racionais sinxelas. Estudo das súas características principais: dominio, simetrías, periodicidade, crecemento, decrecemento, extremos, curvatura, puntos de inflexión e as<br>- Álxebra simbólica na representación e explicación de relacións matemáticas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.<br>- Pensamento computacional.<br>- Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía utilizando ferramentas ou programas adecuados. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Probabilidade | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | Adquire o concepto de probabilidade como medida de incerteza de fenómenos aleatorios en problemas de forma guiada. | PE | 100 |
| CA5.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | Adquire coñecemento de técnicas de reconto a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | | |
| CA5.4 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | Resolve problemas de cálculo de probabilidade polo método frecuentista e pola regla de Laplace, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Medición.<br>- A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios.<br>- Incerteza.<br>- Cálculo da probabilidade a partir da súa aproximación frecuencial e como medida da incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a súa experimentación. |

| Contidos |
|---|
| - Cálculo de probabilidades en experimentos simples: a regra de Laplace en situacións de equiprobabilidade aplicando diferentes técnicas de reconto. Axiomática de Kolmogorov. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | Estatística | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | Adquire o novo concepto de variable bidimensional construíndo a táboa de dobre entrada. Calcula as distribucións marxinais e condicionadas en problemas de forma guiada. | PE | 100 |
| CA5.2 - Representar ideas matemáticas estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas. | Representa graficamente variables bidimensionais estruturando razoamentos matemáticos como o grao de relación e emitindo xuízos. | | |
| CA5.3 - Manexar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, para modelizar e resolver problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, avaliando a súa eficiencia en cada caso. | Manexa estratexias e ferramentas dixitais na regresión lineal e cadrática e fai valoración gráfica da pertinencia do axuste, diferenciando entre correlación e causalidade. | | |
| CA5.4 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | Resolve problemas de cálculo de coeficientes de correlación lineal e de determinación, cuantificando a relación lineal entre variables do mundo real e facendo predicións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Organización e análise de datos. |
| - Variables bidimensionais: distribución conxunta e distribucións marxinais e condicionadas. Análise da dependencia estatística. |
| - Estudo da relación entre dúas variables mediante a regresión lineal e cuadrática: valoración gráfica da pertinencia do axuste. Diferenza entre correlación e causalidade. |
| - Coeficientes de correlación lineal e de determinación: cuantificación da relación lineal, predición e valoración da súa fiabilidade en contextos científicos e tecnolóxicos. |
| - Calculadora, folla de cálculo ou software específico na análise de datos estatísticos. |
| - Inferencia. |
| - Análise de mostras unidimensionais e bidimensionais con ferramentas tecnolóxicas co fin de emitir xuízos e tomar decisións. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 11 | Matemáticas para a vida en sociedade | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade. | Analiza a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos da sociedade. | TI | 100 |
| CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas. | Afronta as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas. | | |
| CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas. | Mostra unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas. | | |
| CA6.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias das e dos demais e escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relac | Participa en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando e escoitando aos demais, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal. | | |
| CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. | Mostra organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. | | |
| CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. | Recoñece e emprega a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Crenzas, actitudes e emocións.<br>- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incertezas e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.<br>- Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.<br>- Traballo en equipo e toma de decisións.<br>- Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas e tarefas matemáticas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. |

| Contidos |
|---|
| - Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en equipos heteroxéneos. |
| - Inclusión, respecto e diversidade. |
| - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. |
| - Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía. |
| - Comunicación e organización. |
| - Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. |
| - Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. |
| - Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para o desenvolvemento das unidades didácticas basearase nos seguintes principios:
Ao comezo de cada unidade realizarase unha introdución, destacando as habilidades que se adquiriran ao longo da mesma. Pode resultar moi motivador amosar ao principio da unidade o tipo de problemas que o alumno será capaz de resolver ao final, poñendo de manifesto a complexidade a priori dos mesmos.
Ao principio daquelas unidades que dependan fortemente de coñecementos previos realizarase unha sondaxe para determinar se o nivel é suficiente e, en caso contrario, tomar unha das seguintes medidas:
- Realizar actividades de repaso antes de comezar a unidade.
- Aproveitar o momento no que entren en xogo os devanditos coñecementos previos para deterse nos mesmos e aproveitar para repasalos. Esta será a opción preferible, pois a aprendizaxe será sen dúbida máis integrada e significativa.
- O desenvolvemento das clases farase da forma máis activa e participativa posible, tratando de que os alumnos interveñan activamente na corrección das actividades, discutindo dúbidas, presentando alternativas, comentarios, etc.
- No desenvolvemento das unidades irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de exercicios e problemas relacionados cos mesmos. Para a adquisición de novos coñecementos pódense combinar varios métodos, como poden ser: explicación directa, consulta do libro de texto ou outro material por parte do alumno, estudo a través de contido dixital interactivo, exposición por parte dos alumnos, aprendizaxe por descubrimento, etc.
- Ao final de cada unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade que consoliden e relacionen entre si os coñecementos acadados.
- O profesor garantirá que os alumnos coñezan a resolución completa das actividades propostas e que poderán aclarar calquera dúbida.
- Naquelas unidades que se presten realizarase algunha práctica de uso da calculadora e, en función da dispoñibilidade das aulas de informática, de manexo de folla de cálculo, software de cáculo simbólico, software de xeometría dinámica, etc.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto: Matemáticas I. 1º Bacharelato. Ed. Anaya |
| Fichas de actividades de reforzo, consolidación e ampliación |
| Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...) |
| Calculadora |
| Material audiovisual |
| Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo) |
| Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo) |

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional.
No desenvolvemento das clases utilizarase algúns dos seguintes materiais, dependendo da unidade didáctica que corresponda:
- Libro de texto recomendado polo Departamento de Matemáticas.
- Fotocopias de diferentes actividades .
- Pizarra convencional e dixital: utilizarase para a exposición de contidos e a correción de actividades.
- Calculadora: algunhas das unidades contemplan a incorporación didáctica da calculadora científica e incluso da calculadora gráfica. , incidindo en gran medida no uso adecuado e correcto das calculadoras.
- Material audiovisual que se proxectará na pizarra dixital e ordenadores, canón, folla de cálculo Excel, Derive, Cabri, Geogebra, etc.
- Xornais e revistas: Utilizaranse para a realización de actividades de lecturas comprensivas de textos ou nas relacionadas coa interpretación de gráficas e táboas estatísticas.
- Utilizarase a aula virtual do centro como medio de comunicación entre o profesorado e o alumnado; co fin de facilitar materiais propios e enlaces a outros en rede e de propoñer actividades para reforzar ou ampliar contidos introducidos na aula .
Ademáis para cada unidade:
- Suxestións sobre como abordar o traballo de determinados apartados e actividades.
- Exemplos para practicar os procedementos máis importantes.
- Exercicios de aplicación de todos os contidos que se ofreceron ao longo da exposición teórica
-- Fichas fotocopiables de reforzo e ampliación para o tratamento da diversidade.
Entre as aplicacións que poden favorecer a aprendizaxe matemática destacaríamos:
- A folla de cálculo, que permite realizar cálculos de datos numéricos dados en forma de táboas e representar información en diagramas de barras, sectores circulares, etc.
- O Derive para simplificar e factorizar expresións alxébricas, resolver ecuacións e representar funcións.
- Geogebra, software de matemáticas dinámicas libre para todas las áreas de las Matemáticas
- Wiris, programa online que permite realizar operacións con números e con expresións alxébricas, resolver ecuacións, calcular límites e derivadas...

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Revisados os informes individualizados do alumnado, esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

- Cando existan fundadas sospeitas de que houbo algún tipo de irregularidade en calquera proba feita polo alumno, o/a profesor/a poderá repetir a mesma sempre e cando o estime oportuno.
- No caso de que un alumno/a falte a un exame deberá xustificar dita falta cun documento oficial para ter dereito a realizar o exame noutra data fixada polo/a profesor/a.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **9** | **9** | **9** | **9** | **9** | **9** | **9** | **9** | **9** | **9** |
| **Proba escrita** | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| **Táboa de indicadores** | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

| Unidade didáctica | UD 11 | Total |
|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **100** |
| **Proba escrita** | 0 | **90** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | **10** |

**Criterios de cualificación:**

Considérase fundamental que desde o primeiro momento o/a alumno/a saiba que o seu esforzo e traballo diario ten un peso significativo nas notas obtidas en cada avaliación e no resultado final do curso. Crese firmemente que a clave para que a aprendizaxe sexa real é o traballo persoal e que a maneira de valoralo de forma obxectiva é a súa exposición a través das distintas probas.
En Matemáticas, o dominio dun bloque do programa non supón que se domine todo o resto. Deste xeito, a superación dunha avaliación non implica a superación de todas as anteriores.
A cuantificación en cada avaliación será a seguinte:

- 90%: os exames (no caso de facerse máis dun exame por avaliación distribuirase esa porcentaxe do seguinte xeito: se dispoñemos de dous exames, 40% do primeiro e 50% do segundo; en caso de ter tres exames as porcentaxes serán dun 20% do primeiro, 30% do segundo e dun 40 % do terceiro). As probas poderán incluír teoría, cuestións teóricas e prácticas. A materia é acumulativa en cada avaliación.

- 10%: os controis, traballos ou o progreso na consecución dos logros seguindo a táboa de indicadores (no caso de ter varias notas farase a media aritmética de todas elas).

A cualificación de cada unha das tres avaliacións será a parte enteira da nota obtida pola fórmula anterior.
A cualificación ordinaria será a parte enteira da media aritmética das tres avaliacións, collendo a nota máis alta entre a da avaliación e a súa recuperación. A cualificación mínima para superar a materia é de cinco.
A cualificación extraordinaria será a parte enteira da nota do exame escrito que fará o alumnado que non superase a materia na avaliación ordinaria.
Rexerán as seguintes normas nas probas escritas:

- Non se valorará ningunha resposta que non estea suficientemente razoada
- Todas as operacións necesarias deben estar na pregunta correspondente
- A presentación ten que ser clara, ordenada, sen faltas de ortografía e a expresión correcta.
- Non se pode utilizar lapis nin típex.
- Numeraranse e poñerase o nome en todas as follas.
- Se se reponde varias veces á mesma pregunta, só será corrixida a primeira resposta non tachada.
- O/A alumno/a poderá usar a calculadora só cando o indique a profesora
- A profesora non pode “supoñer” o que os redactores “queren dicir”, valorarase o que estea escrito
- Consideraranse faltas graves na linguaxe matemática: a ausencia de unidades, límites, senos e cosenos de nada, exceso de iguais nas ecuacións...

Se durante unha proba hai constancia de que un alumno/a está a copiar se lle retirará o exame e a cualificación será cero. Cando na corrección do exame existan fundadas sospeitas de que houbo algún tipo de irregularidade en calquera proba feita polo/a alumno/a a profesora poderá repetir a mesma sempre e cando o estime oportuno.
No caso de que un alumno falte a un exame deberá xustificar dita falta cun documento oficial para ter dereito a realizar o exame noutra data fixada pola profesora.

**Criterios de recuperación:**

As recuperacións da primeira e segunda avaliacións farase cun exame posterior á sesión de avaliación. A terceira avaliación recuperarase, de ser o caso, no exame final.
Cunha avaliación suspensa terase que recuperar só esa avaliación se a media das tres é inferior a cinco. Neste caso, a cualificación final ordinaria calcularase como se describe anteriormente.
Con dúas avaliacións suspensas terase que facer o exame final completo. Considerarase superado o curso se a nota de dito exame é maior ou igual que cinco.
O alumnado que queira subir a súa nota media fará unha proba específica de cada avaliación na data deste exame final. Esta nota substituirá á nota anterior.
De cara a aqueles alumnos e alumnas que non alcanzaron o aprobado na avaliación ordinaria, o departamento organizará unha proba escrita extraordinaria, baseada en coñecementos conforme aos obxectivos mínimos.
Se durante unha proba hai constancia de que un alumno/a está a copiar se lle retirará o exame e a cualificación será cero. Cando na corrección do exame existan fundadas sospeitas de que houbo algún tipo de irregularidade cometida polo/a alumno/a a profesora poderá repetirllo sempre e cando o estime oportuno.
No caso de que un alumno falte a un exame deberá xustificar dita falta cun documento oficial para ter dereito a realizar o exame noutra data fixada pola profesora.

**5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

As medidas adoptadas para a recuperación da materia pendente consistirán en dúas probas que se realizarán ao longo do curso. A cualificación obterase ao facer a media aritmética das dúas probas nas que o Departamento divide a materia. A cualificación final será a parte enteira da media obtida. Considerarase aprobada a materia se esta cualificación é maior ou igual a cinco.

O alumnado con nota menor que cinco realizará unha proba global.
O alumnado que non supere a materia ao longo do curso poderá presentarse á proba extraordinaria de xuño.
Empregarase o mesmo procedemento co alumnado matriculado en Matemáticas II que non cursara Matemáticas I en primeiro.
A materia de Matemáticas I pendente estará dividida do seguinte xeito:

1ª parte. Materia pertencente ás unidades do libro de texto da editorial Anaya:
1 Números reais
2 Álxebra
3 Resolución de triángulos
4 Fórmulas e funcións trigonométricas
5 Números complexos

2ª parte. Materia pertencente ás unidades do libro de texto da editorial Anaya:
6 Vectores
7 Xeometría analítica
8 Lugares xeométricos. Cónicas
9 Funcións elementais
10 Límites de funcións. Continuidade e ramas infinitas
11 Derivadas
12 Distribucións bidimensionais

**5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

Non resulta de aplicación nesta materia.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.
Un dos principios básicos que debe ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofreza a cada alumno e a cada alumna a axuda pedagóxica que necesite en función das súas motivacións, dos seus intereses e das súas capacidades de aprendizaxe. Xorde diso a necesidade de atender esta diversidade.
No Bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses adoitan estar bastante definidas, a organización do ensino permite que o propio alumnado resolva esta diversidade mediante a elección de modalidades e de optativas. Non obstante, é conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito constatable: a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que os alumnos e as alumnas manifestan.
Seguindo a orde do 8 de setembro de 2021, atenderemos ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, ao alumnado con necesidades educativas especiais, ao alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural, ao alumnado con altas capacidades intelectuais e ao alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo seguindo as indicacións emitidas polo departamento de orientación, a dirección do centro e os protocolos facilitados pola Consellería de Educación (adaptacións metodolóxicas, tipografías axeitadas, adaptacións das probas, localización na aula, material complementario para reforzo, ampliación e altas capacidades, ...). O centro dispón de dúas profesoras de pedagoxía terapéutica que colaboran no seguimento deste alumnado. No bacharelato contamos, tamén, co programa ARCO-plus.
Dar resposta a esta diversidade non é tarefa doada, pero si necesaria, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que os alumnos e as alumnas alcancen os obxectivos propostos.
Debemos acometer, pois, o tratamento da diversidade no Bacharelato desde dúas vías:
1. A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos en dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, paradigmas etc.
2. A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais do alumnado. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación, como dixemos, aos diversos intereses, capacidades e motivacións.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - O emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - O fomento do espírito crítico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - A educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - A igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.8 - Educación para a saúde | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A formación estética | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita | X | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital | X | X | X |
| ET.3 - O emprendemento social e empresarial | X | X | X |
| ET.4 - O fomento do espírito crítico | X | X | X |
| ET.5 - A educación emocional e en valores | X | X | X |
| ET.6 - A igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.7 - A creatividade | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a saúde | X | X | X |
| ET.9 - A formación estética | X | X | X |
| ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X | X | X |

**Observacións:**

A área de Matemáticas debe potenciar a ensinanza dos temas transversais, contribuíndo a difundir estas ensinanzas e conseguir que as alumnas e os alumnos cheguen a ser cidadáns e cidadás responsables.

Estes Temas transversais refírense a aprendizaxes relacionadas coa educación en valores, coa cultura galega, coas tecnoloxías da información e a comunicación, e co fomento da lectura e das habilidades de comprensión e expresión oral e escrita.

Os contidos interdisciplinares:
Na materia de Ciencias Sociais, é frecuente o uso de taxas e índices, gráficos de todo tipo, ademais de mapas e planos e escalas. A interpretación de gráficas, estatísticas e diagramas para transmitir informacións e s un traballo común nesta materia.
Na área de Ciencias da Natureza, mídense ou estiman diferentes magnitudes e fanse cálculos con elas. As leis relativas a fenómenos físicos e naturales enúncianse en linguaxe numérica, xeométrico ou algebraico. En xeral, o traballo científico e o matemático empregan linguaxes comúns, á vez que desenvolven habilidades tales como a observación e a formulación de hipótese, así como o plantexamento e a resolución de problemas.
Na materia de Educación Plástica e Visual o estudo da xeometría de figuras, as proporcións en pintura, o estudo de mosaicos, a análise de figuras, os métodos para construír figuras etc. son algúns dos puntose de conexión coa área de Matemáticas. Así, as Matemáticas utilizan distintas composicións plásticas como contexto para diferentes investigacións xeométricas.

Para potenciar os temas transversais incluíremos a posibilidade da realización dun traballo para que as alumnas e os alumnos apliquen na vida real os conceptos matemáticos.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Exposición de materiais de Matemáticas | Na Praza das Matemáticas, en colaboración co alumnado | X | X | X |
| Elaboración de contidos matemáticos para as distintas redes sociais do centro | Elaborados polo alumnado | X | X | X |
| Visita ao MUNCYT | Realizarase unha visita ao museo MUNCYT para apreciar a aplicación das matemáticas en diversos ámbitos coñecemento. | | X | |
| Club de Ciencias | O Club de Ciencias ten como finalidade estimular o espírito científico no alumnado a vez que impulsar as vocacións ESTEM | X | X | X |

**Observacións:**
Con respecto ás actividades complementarias e extraescolares que se poden propoñer ao alumnado, o departamento reflexionará sobre as seguintes cuestións:
- Conseguíronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas
- Cal foi o resultado da realización das actividades
- Cales delas gustaron máis
- Que propostas de mellora podemos sinalar
Desde ahi varios cursos o Departamento participa no Club de Ciencias.
Ademáis das actividades propostas inicialmente, engadiranse actividades itinerantes: exposicións pictóricas, obradoiros relacionados coas Matemáticas, ...

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Desenvolvemento dos contidos |
| Temporalización axeitada dos contidos |
| Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes |
| Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces |
| Metodoloxía empregada |
| Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado |
| Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva |
| Ofrecemento ao alumnado do resultado das probas |
| Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa |
| Medidas de atención á diversidade |
| Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado |
| Atención adecuada á diversidade do alumnado |
| Clima de traballo na aula |
| Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente |
| Participación activa de todo o alumnado |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias |
| Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado |
| Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación |

**Descrición:**

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado hai que avaliar os procesos de ensino e a práctica docente, para o que se establecerán indicadores de logro. Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.
O obxectivo básico de toda AVALIACIÓN académica debe ser a mellora da calidade do proceso de ensinanza aprendizaxe.
Os axentes participantes son diversos e, atendendo a estes, os instrumentos de avaliación variarán. Considéranse os seguintes:
- Alumnado: coa revisión dos resultados obtidos.

- Profesorado: mediante a autocrítica e reflexión valorarando a idoneidade da programación docente (selección e secuenciación de obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía, etc) e da contorna onde se puxo en práctica (clima de traballo, recursos dispoñibles, adecuación ao grupo, etc)
- Departamento didáctico: a través das reunións de departamento realizarase un contraste de experiencias entre compañeiros, así como unha revisión ao seguimento da programación.
- A toma de datos para avaliar o proceso de ensinanza ten momentos clave, tales como a finalización de cada unidade e ao final de cada avaliación e do curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da Programación didáctica será realizada polas personas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente a adecuación da secuenciación e a temporalización e o logro dos mínimos de consecución establecidos para os difernetes criterios de avaliación.

# 9. Outros apartados